



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNIÓN

Dirección - Rep. Sindical (30/08/11)

Nesta reunión tratáronse os temas seguintes:

Traballos en vacacións.- Neste punto infórmanos que houbo 9 accidentes. Número este que, para a C.I.G., non foi excesivo se temos en conta as xornadas de 12 horas.

No que atinxe as novas instalacións, dende a C.I.G., reincidimos na necesidade de contar cos Delegados/as de Prevención na planificación das mesmas así como manifestamos a presenza de dificultades na nova Liña de Bandos M-1 e a non reparación total do goteo de auga nas escimas situadas baixo as cubas na Nave F Masillas. En canto a Nave D Ferraxe, solicitamos se nos acredite autorización para poder facer unha valoración dos mesmos.

Producción, Setembro-Decembro.- A Dirección comunícanos que as previsións son:

Setembro.- Para este mes confirmámonos un **Sistema I** con alta actividade diaria ademais de 4 sábados de velada e 3 domingos noite. No **Sistema II** habilitan 2 sábados de velada.

Outubro - Decembro.- Ante a redución de 7.000 vehículos para a Liña do B-9, a Dirección informa que, no **Sistema I** non se contemplan sábados de velada nin domingos noite, ademais a Quenda da Noite disporá dunha xornada semanal recortada. Para o **Sistema II** a Dirección esta elaborando, un estudo, onde, segundo parece, non se descarta a aplicación da posta en marcha da apertura variable. Esta previsto manter unha xuntanza para analizar dita situación.

Comentario.

A C.I.G., ante a baixada na produción para o último trimestre nas **Liñas do B-9**, entendemos que a Dirección deba racionalizar dita produción dende Setembro, o que evitaría así que a Quenda de Noite saíra prexudicada. O igual que a produción do **Domingo 4**, onde de non superar as 4h de presenza solicitamos se distribuía dita produción durante a semana.

No que respecta a posibilidade de poñer en marcha a **xornada variable no Sistema II**, dende a C.I.G. reiteramos, unha vez máis, a necesidade de poñer en marcha os medios necesarios para equilibrar a produción entre ámbalas Liñas.

Para a C.I.G. o programa da Dirección persigue dúas finalidades:

- .- Manter un agravio comparativo entre os traballadores/as do **Sistema I** e **Sistema II**.
- .- Distribuír a produción para dispor dun escenario favorable na próxima Negociación Colectiva.

Non facilitemos que isto ocorra e compartamos o traballo de maneira gradual e sen discriminacións.

Confederación Intersindical Galega